

T  
crítica

## Bs. As. de Alberte Pagán: a memoria dunha fenda

Daniel Domínguez



**H**ai unhas horas xantaba con Xosé Luís de Dios e falabamos da película de Alberte Pagán. Un filme experimental. Un filme que se conta do mesmo xeito que podemos facelo con, poñamos por caso, *A ollada de Ulises* de Theo Angelopoulos, da que tamén falamos. Pero ¿como se pode contar un filme experimental? Quen sabe se aí radica o enigma de *Bs. As.* e, paradoxalmente, a súa radicalidade: a irrupción poderosa e emocionante dunha historia nunha textura fílmica impasible, distanciadora e, se cadra, pouco acolledora para o espectador.


Achegarnos a un enigma sen preterder dar conta del, velaí a tentativa deste texto: unha invitación para asomarnos a unha fenda.

*Bs. As.* estreouse en 2006, vén de percorrer festivais de todo o mundo e acadou o recoñecemento de críticos e cinéfilos. No pasada edición do Play-Doc de Tui recibiu a premio Foco Galicia. Un filme de case noventa minutos que custou tres mil euros. A obra dun cineasta que vai por libre e que, dende outras coordenadas do país de Cinema –mesmo nas antípodas, se se quere-, tanto nos lembra a do Cassavetes. A obra

dun cineasta do Carballiño que ilustra de xeito elocuente que o universal, como dicía Miguel Torga, é o local sen paredes.

“O pasado é un país estranxeiro”: así empeza *O mensaxeiro*, a novela de L. P. Hartley que daría pé a un filme de Losey protagonizado por unha memorable Julie Christie. Nesta altura, ás portas deste noso século memoricida, o pasado vén sendo un planeta ignoto, outro mundo, ese dende o que nos interrogan as presenzas familiares das fotografías que abren *Bs. As.* Imaxes familiares e mudas –os ausentes- sobre un crepitar de faíscas que pronto contribuirán a construír o espazo off dunha voz. Pronto, pero agora o espectador deberá conformarse con esculcar nos rostros, nas figuras, nos retratos que ben poderían ser os dos nosos devanceiros. Eses que semellan chamarnos dende o silencio: ¿hai alguén aí?

Na apertura do seu filme, Alberte Pagán establece as condicións que o espectador debe aceptar para gozalo. Porque si, *Bs. As.* é unha película que se acaba gozando. Tamén hai goce espectadorial no cinema experimental. *Bs. As.* lémbra-nos cantos cinemas segredos agardan por nós no país imaxinario de Cinema. Estamos diante dunha película na encrucillada do ensaio e o documental sobre a familia do autor separada pola emigración, unha novela familiar que se nos desvela a través dun dispositivo fílmico áspero, espido, mesmo pouco hospitalario: unha tentativa de anular o engado da narración, da historia, a tentación da emotividade.



Pero historia e emoción –dúas vellas ben teimudas- asoman o fociño sempre que poden, agromando nas voces que, vencendo calquera resistencia –mesmo aquela da que o propio cineasta bota man para afastarnos dunha empatía melodramática que puidera derivarse dos correos electrónicos de Celia-, chegan onda nós coa quentura das fendas aínda abertas, dos fantasmas que vagan pola Historia –e polas nosas historias familiares- na procura dunha memoria que os acubille para poderen despedirse en paz.

*Bs. As.* constrúese cunha arquitectura sinxela que mostra as costuras do tecido fílmico: trala apertura coas fotografías dos devanceiros ausentes, unha primeira parte de imaxes de Bos Aires rodadas polo autor –edificios no medio dunha treboada, encrucilladas de rúas, ventás...- onde a vida acontece, pasa e dura mentres a voz da nai, dende este lado do Atlántico, debulla episodios familiares da emigración; unha segunda parte, tamén con imaxes de Bos Aires, na que unha voz de muller –que nos afasta do que relata para que escoitemos mellor- lle os correos electrónicos que lle envía ao autor Celia, a súa curmá, dende o outro lado do Atlántico; e a película acaba cun longo travelling que se mantén no metro a modo de despedida de Bos Aires, ou se cadra dun territorio mítico chamado *Bs. As.*

Nesta construción fílmica, o espectador acaba atopando un cuarto propio, un espazo acolledor e un tempo hospitalario no decurso de *Bs. As.*, alí onde brinca o humor pero tamén o espanto, a vida e a morte, a memoria



e o esquecemento, o amor e o odio, o degoiro e o desleixo, preguntas sen resposta e silencios mestos. Esas miradas mudas dende as fotografías convidannos a unha viaxe ao territorio mítico da memoria dunha fenda. As imaxes de Alberte Pagán convocan dende o seu estatismo a vida que transita por elas pero tamén os fantasmas dos desaparecidos, das vítimas da Historia, da política de mil facianas –a da emigración, a do fascismo, a da explotación do home e da Terra-. E por máis que o cineasta pretenda peneirar da súa película a historia e a emoción, cando a voces aloumiñan a nosa mirada, que se pretendeu distanciada, talmente falan connosco aquí e agora, abolindo distancias xeográficas e cronolóxicas, na íntima fronteira dunha fenda aberta, esa que se agacha e podrece no armario familiar e que só a memoria é quen de iluminar e cicatrizar, desvelando a historia que levamos ás costas.

Porque *Bs. As.* vén sendo un espello onde se reflicten as dúas caras dunha familia, a fronteira virtual onde cristalizan os fragmentos escachados da fotografía familiar. A orfandade de Celia é a nosa propia orfandade, o espello do noso imaxinario amputado, a fenda na memoria que a película obriga a revelar, porque imperiosamente aboia, porque a forza de distanciarnos, empúrranos ata asomarnos ao pozo das historias asolagadas. Ese travelling soterrado no metro de Bos Aires constitúe un descenso ao inferno dese espello escachado que chamamos identidade, á toupeira que esconde cada familia, ao subconsciente, ao relato negado, silenciado.

*Bs. As.* non é unha película sobre a emigración, ese vén sendo un accidente histórico –podería ter sido calquera outro-. É unha película sobre unha familia, a do autor: aí está a masa que fermenta a mirada de Alberte Pagán e que nos presenta cociñada no seu filme cunha textura experimental. Para contextualizar *Bs. As.* poderíamos botar man da obra de cineastas como Snow, Brackage, Straub e Huillet, mesmo de Warhol. Pero bastámonos sós da man do cineasta do Carballiño. En *Bs. As.* procurou recuperar as historias orais que hai en todas as familias, con toda a súa crueza, sen deixar de lado a Historia que se pon a mal en todas as historias. Alberte Pagán filma coma quen escribe ou pinta, en solitario. O cine que lle interesa e sobre o que escribe funciona sen industria, sen aparello de produción. Un francotirador deses que tanta falla fan neste país.